

CONVOCATORIA CONXUNTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA E DA DIRECCIÓN XERAL DE SOSTIBILIDADE E PAISAXE PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA AXENDA 21 ESCOLAR DE GALICIA DURANTE O CURSO 2011/20112.

Obxecto da convocatoria

Esta convocatoria establece as condicións para a participación dos centros educativos no programa de Axenda 21 escolar de Galicia para o curso 2011-2012.

Poderán participar no programa A21EG tódolos centros educativos de ensinanza non universitaria da comunidade autónoma de Galicia dependentes da CEOU.

Compromisos para participar na A21EG

Para solicitar a participación no programa A21EG, un centro debe aceptar e responsabilizarse a cumprir os seguintes compromisos:

- 1.- Adherirse ao “**Compromiso por unha educación para a sostibilidade**” e sumarse ás iniciativas da “**Década da Educación para o Desenvolvemento Sostible**”.
- 2.- Considerar a implantación da A21EG como un “**programa de centro**” de interese para o desenvolvemento das competencias básicas.
- 3.- Asignar unha persoa coordinadora da A21EG, á que se lle poderá recoñecer como **dinamizador específico** (*Orde do 17 de xullo de 2007*).
- 4.- Contar con profesorado que se compromete a desenvolver na súa **programación de aula**, actividades nas que o alumnado sexa o protagonista, a través de dinámicas participativas, e que participe nas xornadas de información e formación.

Deberase enviar o formulario de [solicitude de participación](#), aprobado polo Consello escolar e asinado polo Director/a do centro, por correo electrónico a educación.sostible@xunta.es

O prazo de presentación das solicitudes rematará o **4 de outubro de 2011**.

Procedemento de aceptación no programa A21EG.

Recibidos os formularios de solicitante de participación e aprobación de compromisos seleccionaranse ata un máximo de 55 centros educativos.

Terán prioridade os centros participantes en cursos anteriores, os que teñen profesorado participante en cursos anteriores, e os centros públicos con proxectos educativos innovadores.

Os centros seleccionados pasarán a formar parte da Rede A21EG e:

- Terán acceso á web da A21EG (<http://www.cmati.xunta.es/axenda21>).
- Facilitaráselles asistencia técnica personalizada, in situ e a distancia, por parte do equipo técnico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para o proceso de implantación e desenvolvemento da A21EG.
- Poderán recibir formación específica nos centros a través das modalidades contempladas no Plan anual de formación a través dos CFR da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Para máis información

Ver : <http://www.cmati.xunta.es/axenda21/>

Comunicarse co Servizo de Promoción e Participación da Sostibilidade a través do:

- Correo electrónico: educacion.sostible@gmail.com - Telefónos: 881 999218 /661985687

INFORMACIÓN SOBRE O PROGRAMA AXENDA 21 ESCOLAR DE GALICIA (A21EG)



A Axenda 21 Escolar de Galicia “**A21EG**” é un programa que ten como finalidade educar para a sostibilidade nos colexios e nos institutos de Galicia.

Qué é a Axenda 21 Escolar?

- **Axenda:** sinónimo de **Programa**.
- **21:** referencia temporal ao **século XXI**.
- **Axenda 21:** Plan estratéxico de traballo para conseguir o desenvolvemento sostible do planeta aprobado na conferencia das Nacións Unidas de 1992 (Cumio de Río).
- **Sostible:** Dise do modelo social que cubre as necesidades do presente sen comprometer a capacidade de cubrir as das xeracións futuras. Baséase na capacidade de sustento do medio natural e a participación de todos os compoñentes da sociedade.
- **Axenda 21 escolar:** programa educativo para preparar ao alumnado para ser un cidadán responsable nunha sociedade sostible.

Obxectivos participativos

- Fomentar a participación de **toda a comunidade educativa** (docentes, alumnado, persoal non docente e familias)
- Fomentar a **participación democrática e o protagonismo do alumnado** para: detectar problemas, buscar causas, propoñer solucións, debater, consensuar e mesmo actuar.
- Desenvolver o **sentido de responsabilidade e de cidadanía** a través da participación.
- Educar na reflexión e na acción**, características da educación para o cambio que esixe a sostibilidade.
- Incentivar a **apertura ao entorno local** facendo realidade e reforzando a conexión escola-entorno.
- Favorecer a **autoestima individual e o empoderamento colectivo** mediante a realización dunha acción transformadora e a súa comunicación posterior.

Obxectivos organizativos

- Contar co compromiso e apoio do equipo directivo** .
- Integrar a A21EG nos órganos de xestión, comisións pedagóxicas, e en calquer outro órgano decisorio.
- Establecer un **equipo coordinador ou persoa coordinadora da A21EG**.
- Establecer “un grupo motor”, a modo de **Comité Ambiental**, que dinamice e canalice o proceso participativo para facilitar o desenvolvemento da A21EG. Preferentemente, contará con representantes de cada un dos estamentos da comunidade educativa.
- Colaborar a establecer a flexibilidade organizativa necesaria para facilitar as experiencias e proxectos de carácter **transversal**.
- Mellorar a **xestión ambiental e económica** do centro en canto a uso e consumo de recursos e materiais.
- Favorecer un **mellor clima social** no centro ao fomentar o traballo en equipo e a comunicación entre os membros da comunidade educativa.
- Impulsar e favorecer o **traballo coordinado e colaborativo entre os centros da Rede A21EG**.

Obxectivos curriculares

- Introducir os obxectivos e a metodoloxía no **Proxecto Educativo de Centro (PEC)**.
- Introducir e desenvolver obxectivos conceptuais e metodolóxicos nas **programacións de aula**.
- Contemplan o **desenvolvemento e avaliación das competencias básicas** social e cidadá (CSC) e autonomía e iniciativa persoal (AIP) nos documentos programáticos do centro.
- Vertebrar e integrar outros programas, plans e proxectos** que se desenvolvan no centro: Plan TIC, Plan de convivencia, Plan Lector...
- Promover a **innovación da práctica docente** aplicando os principios do desenvolvemento sostible.

Qué é a Axenda 21 Escolar de Galicia A21EG?

Programa da Xunta de Galicia, coordinado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (CEOU).

A A21EG é un **programa marco** que ten por obxectivo a educación para a sostibilidade. Pretende capacitar ao alumnado na **responsabilidade** e na **participación** comprometida co medio ambiente. A través do desenvolvemento das **competencias básicas** (contempladas na LOE) promoverá unha serie de valores, actitudes, hábitos e comportamentos sostibles que formará cidadáns comprometidos, capaces de actuar democraticamente no medio, de tomar decisións e de asumir responsabilidades.

Características da A21EG

- Proceso **voluntario**. Participan os centros que así o demandan.
- **Proxecto de centro**. Directrices asumidas polo equipo directivo, claustro e consello escolar.
- Programa a **medio prazo**. Proceso de mellora continua.
- **Metodoloxía** onde o proceso de **participación** do alumnado na toma de decisións ten unha grande importancia.
- **Compatibilidade** con outros proxectos educativos, aos que complementa na súa execución simultánea.
- Educa en contornos complexos (**Complexidade**) e circunstancias diversas (**Cambio**).
- Estimula as **Competencias Básicas** do Alumnado en liña ca OCDE e a **LOE**.
- **Aberto** á comunidade educativa e local. Abre unha vía de participación no entorno local, capacitando aos alumnos a vivir como cidadáns.
- Promove dinámicas proactivas entre o alumnado, animándolles a asumir un reto ou compromiso para realizar unha acción que contribúa a mellorar a sostibilidade do centro ou do seu concello
- Mellora o **clima social** do centro. Fomenta un ambiente e dinámicas participativas na análise de situacións, reducindo a aparición de conflitos.
- **Rede de centros de A21EG**. Xera un entorno para compartir experiencias e recursos da A21EG para o profesorado e o alumnado.

Qué se pretende facer para o curso 2011/2012 ?

- Reforzar a participación do alumnado facéndoo protagonista de un proxecto de traballo aplicando técnicas de resolución de problemas, traballo por proxectos, ou investigación-acción.
- Estimular as dinámicas entre o alumnado conducentes a un compromiso ou reto colectivo que motive unha pequena acción de empoderamento.
- Reforzar o papel do profesorado axudándolle a aplicar a A21EG nas programacións de aula, como soporte para construír a A21 do centro.
- Vincular, dende a dirección do centro e a comisión curricular do centro, a A21EG aos obxectivos pedagóxicos marcados pola LOE. Recoméndase unha especial atención (planificación e avaliación) ao desenvolvemento das competencias básicas Social e Cidadá e Autonomía e Iniciativa Persoal.
- Aproveitar a web da A21EG para facilitar o traballo colaborativo en rede.
- Orientar os proxectos A21EG hacia a liña temática de sostibilidade do territorio.